

Debido á inminente incorporación de persoal estatutario de diversas categorías, derivado do remate do proceso extraordinario de consolidación de emprego, esta División, co obxecto de clarear as dúbidas existentes, informa o seguinte:

**I.-** Os ceses e tomas de posesión realizaranse seguindo estritamente as disposicións contidas nas Ordes da Consellería de Sanidade pola que se convocan as fases de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego. Neste sentido a Disposición transitoria cuarta do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario de Servizo Galego de Saúde (DOG nº 145, do 29 de xullo) exceptiona da súa aplicación os procesos de selección e provisión executados en aplicación da Lei 16/2001, de 21 de novembro, que se rexerán ata a súa finalización de conformidade co previsto nas correspondentes convocatorias. A aplicación destes prazos realizarase seguindo as seguintes datas sinaladas a continuación:

**A) Persoal estatutario fixo con anterioridade ó proceso extraordinario de consolidación de emprego que acadou novo destino trala participación na fase de provisión:** realizarase o seu cese de oficio polo centro de xestión de orixe o vindeiro **día 5 de outubro**.

**B) Aspirantes que obtiveron a condición de persoal estatutario fixo pola superación da fase de selección do proceso extraordinario de consolidación de emprego e a súa posterior participación na fase de provisión:** realizarase a toma de posesión **a partir do día 3 de outubro** e polo tanto, nos casos nos que prestase servizos como persoal estatutario temporal deberá ter presentada a renuncia como tal persoal temporal con anterioridade á data na que o interesado tome posesión no destino adxudicado.

En relación co **persoal que teña entre 65 e 70 anos** e sexa adxudicatario de destino consonte cos listados definitivos de cada categoría, deberá tomar posesión da praza adxudicada en todo caso.

**II.-** Respecto da aplicación ao persoal estatutario fixo das modalidades de excedencias e situacións administrativas reguladas na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde e demais normativa vixente, seguiranse os seguintes criterios xa aplicados para outras categorías:

### **EXCEDENCIAS:**

**Excedencia por prestar servizos no sector público** (excedencia por incompatibilidade) (artigo 66 do Estatuto Marco):

- O persoal estatutario fixo poderá ser declarado nesta situación nos seguintes supostos:

a) cando preste servizos noutra categoría estatutaria, xa sexa como persoal fixo ou como persoal temporal.

b) Cando preste servizos baixo outro réxime xurídico distinto ao estatutario, é dicir, como funcionario ou laboral, xa sexa como persoal fixo ou como persoal temporal.

- Para a declaración desta excedencia o interesado non terá que acreditar ningún tempo de servizos prestados como persoal estatutario fixo da correspondente categoría.

- Cando a excedencia sexa concedida para continuar a prestar servizos en unha entidade xurdida ao amparo das novas formas de xestión ( fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas sanitarias) o interesado terá dereito a reserva do seu posto de traballo de orixe por un período de tres anos. ( artigo 116 da Lei 13 /1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social en relación co artigo 66 do Estatuto Marco)

#### **Excedencia voluntaria por interese particular (artigo 67.1a) do Estatuto Marco):**

- O persoal estatutario fixo poderá ser declarado nesta situación sempre que acredite un período de servizos efectivos como persoal estatutario temporal ou fixo de a lo menos 5 anos inmediatamente anteriores a tal declaración.

- A concesión desta excedencia quedará subordinada as necesidades do servizo, debendo motivarse, de sé lo caso, a súa denegación.

#### **Excedencia voluntaria por agrupación familiar (artigo 67.1b) do Estatuto Marco):**

O persoal estatutario fixo poderá ser declarado nesta situación sen necesidade de acreditar ningún tempo de servizos prestados como persoal estatutario fixo da correspondente categoría.

#### **Excedencia por coidado de familiares:**

O persoal estatutario fixo poderá ser declarado nesta situación sen necesidade de acreditar ningún tempo de servizos prestados como persoal estatutario fixo da correspondente categoría.

#### **EFFECTOS DERIVADOS DESTAS SITUACIONES:**

Durante o tempo que permanezan nas anteriores situacións os interesados non poderán prestar servizos como persoal estatutario temporal na correspondente categoría nin poderán acceder á promoción interna temporal na mesma.

### **OUTRAS SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS:**

#### **1.- Servizos especiais:**

O persoal estatutario fixo poderá ser declarado nesta situación sen necesidade de acreditar ningún tempo de servizos prestados como persoal estatutario fixo da correspondente categoría.

**III.-** Por último, no tocante ao resto de incidencias derivadas destas novas incorporacións seguiranse as instrucións establecidas para o anterior proceso selectivo e concurso de traslados celebrado por este servizo de saúde no pasado ano 2002.

Cómpre sinalar igualmente que deberá terse de referencia o Pacto suscrito polas Administracións Sanitarias e as centrais sindicais de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais (Resolución de 24 de maio de 2004, DOG nº 104 de 1 de xuño) para aquelas categorías que contén na actualidade con listas definitivas vixentes en aplicación deste Pacto (matronas), mentres que será de aplicación a Resolución de 13 de xullo de 2000 que contén o Pacto suscrito polas Administracións Sanitarias coas centrais sindicais sobre criterios de incorporación e ceses (DOG nº 161, do 21 de agosto) para o resto de categorías.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2005

O DIRECTOR XERAL DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO  
PROFESIONAL

Asdo.: Antonio J. Fernández Paniagua